




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Pontevedra. Municipio: ao norte en Marín e ao sur en Bueu.
Parroquias: Santa María de Ardán en Marín, Santa María de Cela no sur. Extensión: 3,99 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa con sectores acantilados de pouca potencia e complexos sedimentarios formados por praias de area separadas por puntas. Destaca polas súas dimensións o areal de Lapamán ao que chega o regato de Amieiro, principal arteria fluvial da unidade. A vertente, dividida en pequenas valgadas, presenta unha pendente moderada con perfil regular aínda que pode verse interrompido por elevacións graníticas residuais como o Outeiro da Teixugueira. No extremo norte localízase un estreito val de fractura con dirección NE-SO que interrompe a continuidade da liña de cumes e orixina unha vertente de pendente suave enmarcada no seu tramo occidental polo Monte da Cova.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A litoloxía da unidade presenta unha estrutura que varía en bandas de norte a sur. Na parte norte sitúanse os materiais máis antigos, identificados como granitos de feldespatos alcalinos con facies de gran medio a fino. Estes materiais atópanse reenchidos por unha banda de depósitos aluviais e coluviais que ocupa o val do regato das Corgadas e prolóngase cara ao suroeste ata a praia do Santo. No centro da unidade aparece un sector cuxo dominio corresponde aos gneises de biotita con afloramentos puntuais de bandas de grandioritas con megacrístais de feldespatos. Finalmente, e separadas por un pequeno sector de micrograndioritas e cuarzdioritas, recoñécese o comezo das mencionadas grandioritas con megacrístais. Na praia de Lapamán son característicos os depósitos de area do Cuaternario.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente incluída no dominio climático Cálido e Húmido: temperatura media anual por riba de 14°C e precipitacións acumuladas entre 1200 mm e 1400 mm anuais. A variación térmica ao longo do ano sitúase entre 12,5°C e 13,5°C. O sector de cabeceira (Coto de Sarridos e Alto da Telleira) ten un rango de precipitacións entre 1400 mm e 1800 mm anuais, polo que forma parte do ambiente climático Cálido e Moi Húmido.

OS SOLOS

Vertente formada principalmente por solos de tipo cambisol dístico-úmbrico e eútrico que soportan os usos agropecuarios. As ladeiras superiores, no entanto, contan con solos de pouca profundidade e menos fértiles de tipo umbrisol dístico que no cume do Alto da Telleira están aínda menos evolucionados, sendo maiormente leptosoles líticos nos que o substrato rochoso aflora en superficie. A franxa costeira presenta arenosoles no entorno da praia de Lapamán.


AS AUGAS

Pequenos regatos que verten directamente ao mar nos entrantes costeiros, forman a rede hidrográfica desta unidade, destacando o regato de Amieiro, que desemboca na praia de Lapamán. As Augas Costeiras desta unidade identifícanse co código 20165, común a este tramo costeiro do sur da Ría de Pontevedra.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade mixta de fundamento sedimentario baseado na praia de Lapamán. Existen pequenos sectores rochosos acantilados que interrompen a continuidade do areal, nas que aparece un hábitat 1230 pero mal desenvolvido, ao que acompaña, xunto á parte alta dos areais, o 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Na parte este da unidade tamén os hábitats 1110 e 1140 de bancos areosos e/ou lamosos intermareales e submareales superficiais comparten o espazo da praia. Algún sector de potencial mato do 4040, brexeiras costeiras atlánticas, atopa a súa cuberta vexetal moi ruderalizada. El interior aparece densamente ocupado e moi desordenado. Ademais das frecuentes agrupacións de frondosas de recolonización a partir do abandono de leiras, é destacable unha masa descontínua que se alonga na ladeira media de toda a unidade, entre as zonas de cultivo e o monte alto, cuxa orixe parece proceder de restos de antigos soutos (9260) e carballeiras (9230), en combinación con áreas de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A fachada litoral da unidade caracterízase, como ocorre practicamente en toda a costa da ría de Pontevedra, por presentar un uso turístico vinculado ás praias de Lapamán, A Coviña ou Santo do Mar. A vertente de formas suaves que se abre cara ao interior está ocupada por asentamentos dispersos e pequenos núcleos tradicionais intercalados por parcelas de cultivo, dedicadas sobre todo a viñedos, e masas de frondosas de recolonización. Na zona sueste da unidade, coincidindo coa ladeira do Coto de Sarridos hai un predominio do uso forestal.

MORFOLOXÍA

A rede de asentamentos da unidade caracterízase pola súa abundante densidade edificatoria e na que se mesturan asentamentos tradicionais con novas construcións sen unha orde lexible. Os núcleos tradicionais como Castrelo, Sabarigo, A Tioira, O Pazo, debido á extensión da súa periferia e á aparición de novas construcións apoiados nas vías de comunicación perderon parte da súa estrutura tradicional. Os novos asentamentos espontáneos aséntanse de forma dispersa por todo o territorio, en especial ao redor da PO-550 e próximos á costa. Este desenvolvemento propiciou novos equipamentos, como un colexio público.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede de estradas xerarquízase ao redor da PO-551 que cruza a unidade de norte a suroeste paralela á costa. No norte da unidade únese a esta vía principal unha estrada de nova creación que é VRG-4.4, unha vía rápida que pretende enlazar a península do Morrazo coa capital de provincia. O resto da rede viaria caracterízase pola súa densidade, composta por estradas locais que ligan os distintos asentamentos entre si, e dan acceso tanto ao interior como á fronte costeira.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade atópanse dous xacementos arqueolóxicos de interese. O primeiro, emprazado na Illa do Santo do Mar, correspóndese cunha necrópole e o segundo é o castro de Castelo de Aldán emprazado no Outeiro de Teixugueira. A capela de San Clemente figura como elemento de arquitectura relixiosa nesta unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A paisaxe do interior da unidade mantén trazos d carácter tradicional, cunha certa estrutura parcelaria destinada a cultivo e unha parte da súa poboación vinculada a actividades do sector pesqueiro. No entanto, é evidente que estas actividades tradicionais están a ser abandonadas, non só polo aumento do uso residencial vinculado ao turismo en antigas parcelas agrarias, en especial na franxa litoral, senón tamén pola influencia na estrutura socioeconómica e na ordenación do territorio dos núcleos veciños de Marín e Pontevedra.

DINÁMICA DA PAISAXE

O soporte biofísico experimentou unha evidente transformación: o abandono da actividade agraria de maneira xeneralizada. No sector máis próximo á costa prodúcese un proceso de ocupación das parcelas con vivendas de carácter residencial, impulsado polo auxe da costa como destino turístico. Por outro lado, nas zonas máis altas do val produciuse un aumento da masa forestal. En canto á rede de infraestruturas, destaca a apertura da vía de alta capacidade, VRG-4.4, no norte da unidade. En resumo, a dinámica predominante é o desenvolvemento urbanístico que se produciu en todo o territorio apoiándose na rede viaria.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Na fronte costeira da unidade destaca a praia de Lapamán, unha das máis extensas da península do Morrazo cun alto valor paisaxístico, así como as praias da Coviña, a de Covelo e a do Santo, coa illa do mesmo nome á que se pode acceder andando cando baixa a marea. A zona interior, a pesar de estar densamente poboada, aínda mantén zonas con gran valor ecolóxico e paisaxístico, con pequenos rodais de antigos soutos e carballeiras entre as zonas de cultivo e o monte alto. Podemos obter unha visión panorámica da unidade desde o Couto dos Sarridos a unha cota de 400 m.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non se contemplan ámbitos de recualificación nesta unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

-  Chairas intermareais / Llanuras intermareales
-  Marismas / Marismas
-  Praias / Playas
-  Dunas / Dunas
-  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
-  Cantis / Acantilados
-  Vexetación costeira / Vegetación costera
-  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
-  Bosques de ribeira / Bosques de ribera
-  Bosques mixtos / Bosques mixtos
-  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
-  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo
-  Matogueiras / Matorrales
-  Cultivos e prados / Cultivos y prados
-  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
-  Viñedos / Viñedos
-  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
-  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
-  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
-  Outras masas de auga / Otras masas de agua
-  Canteira / Cantera
-  Artificial / Artificial

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

-  0 m
-  -20 m
-  -100 m
-  -500 m
-  -2000 m
-  -10 m
-  -50 m
-  -200 m
-  -1000 m
-  -3000 m

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



